



CONFRARÍA DE P. DE CELEIRO

Rúa do Porto, n.º 1 - Celeiro
27863 Viveiro – Lugo

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO (GALP1-164) MARIÑEIRO POR UN DÍA: O MAR NUN CLIC, PRESENTADO POLA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO (NIF G27008820).

FEITOS

O 31 de xaneiro de 2019 publicouse a orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019.

Ao abeiro da disposición indicada, pola **CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO (NIF G27008820)**, ten concedida unha axuda ao proxecto **(GALP1-164) MARIÑEIRO POR UN DÍA: O MAR NUN CLIC** por resolución da conselleira do Mar do 23 de xullo de 2020.

De acordo coa resolución de concesión, a data límite de execución e xustificación para a anualidade 2021, é o 31 de outubro de 2021.

Solicítase o 19 de xullo pola Confraría de Pescadores de Celeiro, con NIF: G27008820, unha ampliación do prazo de execución e xustificación, sen que isto supoña variación ningunha na contía total, dos conceptos subvencionables e os importes da anualidade 2021 debido á modificación do proxecto e a finalización do curso escolar. Esta solicitude de prórroga foi autorizada pola xunta directiva do GALP A Mariña Ortegal o 21 de xullo de 2021 e elevada á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para a súa aprobación definitiva.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **PROPÓN** a aprobación da prórroga solicitada.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece no artigo 32,1 que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou por petición dos interesados unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda a metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con isto nos se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, establece que o órgano concédente da subvención poderá outorgar, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste e sempre que con iso no se prexudiquen dereitos de terceiros.

O artigo 26.4 da Orde do 21 de decembro de 2019, bases da concesión de axudas, establece que *"No caso de que o beneficiario considere que non pode finalizar o proxecto ou cumprir os compromisos dentro do prazo sinalado na resolución de concesión da axuda, poderá, ata un mes antes de finalizar o prazo de execución solicitar prórroga, expoñendo as razóns polas cales non pode cumprir co dito prazo e presentando unha memoria onde se especifique o grao de realización da actividade subvencionada e o novo cronograma de actuacións"*

En virtude de todo o anterior, e vista a proposta do Grupo A Mariña Ortegál, a Consellería do Mar, co obxecto de facilitar ás entidades promotoras o mellor cumprimento dos requisitos de xustificación establecidos no artigo 27 da Orde que aproba as bases reguladoras.

RESOLVE aprobar a prórroga do prazo de execución e xustificación do proxecto **GALP1-164 MARIÑEIROS POR UN DÍA: O MAR NUN CLIC**, ata o **20 de decembro de 2021**.

Santiago de Compostela,

A conselleira do Mar

P.D. Orde 08.09.2017 (DOG 21-09-2017)
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(Asinado dixitalmente)

